



O Concello licita máis de 500.000 € en obras de mellora en todas as parroquias

O Concello de Boqueixón está a licitar nestes días proxectos de mellora no municipio por máis de 500.000 euros. Trátase de melloras de estradas municipais, ampliación da rede de saneamento, acondicionamento dos accesos a parcelas agrícolas e mesmo a construción do novo parque do CRA de Sergude. Proxectos que serán adxudicados nas próximas semanas e que serán executados no derradeiro trimestre de 2021.

O proxecto cun orzamento máis elevado é o de mellora do firme de catorce estradas municipais, licitado en máis de 95.000 €. As obras contemplan a reparación de fochancas e perfilado de mordentes, previo a un tratamento asfáltico superficial e rego de selado do firme de catorce viarios: de Pedrouzo á Igrexa de Pousada e de Loureiro á Corna (Pousada), interiores en Casaldesuso e viario de Casaldesuso á Escola (Codeso), de Bendaña a Eira (Oural), accesos aos invernaoiros, mellora do firme do campo da festa de Gastrar e do cruce de Melón a Gastrar (Gastrar), en Eirexe, na pista da marxe dereita en Deseiro e na marxe esquerda da pista fronte ao Albergue (Sergude), do acceso á rúa Agronovo (Lestedo), dos viarios interiores en Caraban (Vigo) e dun camiño no Casal (Lamas).



Roza e limpeza de camiños e próximas actuacións de mellora dos accesos a parcelas agrícolas

O Concello está a acometer traballos de limpeza e roza de estradas municipais nas distintas parroquias do municipios. A maiores, está a licitar por 42.838 € o plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas. Unhas actuacións dirixidas a limpeza e perfilación de noiros e cunetas, reforzos dos terrapléns e mantemento de camiños municipais.

As melloras terán lugar en sendos camiños en Casalpeguito e Vilaboa, así como no viario entre Navenlle a Santa Mariña e no camiño de Santa Mariña a Agra Nova.

O segundo proxecto, orzamentado en máis de 52.000 euros, contempla a mellora do viario de Reboaredo a Carballón (A Granxa) e do cruce de Castro a Noente (Oural). Máis de tres quilómetros de asfaltado e, no caso de Oural, 370 m² de sobreanchos, para mellorar a seguridade viaria da zona. Ambos proxectos están incluídos no Plan Único de Concellos "POS+2020", cofinanciado polo

Concello de Boqueixón e a Deputación da Coruña.

O Concello tamén investirá máis de 40.000 euros nun novo parque infantil cuberto, de 126 metros cadrados, no CRA de Sergude, que substituirá o actual. Ademais da nova soleira e da nova cuberta, o parque infantil terá con dous resortes individuais, un bambán dobre de aceiro inoxidable e unha torre de xogos en madeira.

Por outra banda, destinaranse outros 54.000 euros a ampliar o punto limpo, o que permitirá aumentar a recollida de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos.

Saída a licitación

Finalmente, no peche desta Xanela, o Concello sacou a licitación outros tres proxectos máis de mellora de estradas por 218.000 euros correspondentes ao POS+2021. Trátase da mellora do viario da Ponte a Abeleira (Ledesma), do viario da escola a Agra de Campo e da AC-240 á depuradora (Codeso) e do cruce de Castro ao cruce de Fontebranca e de Castro a Devesa (Oural).

Asímesmo, mellorarase o firme da pista do campo de fútbol de Boqueixón e dunha pista en Orto (Boqueixón) así como do viario do cruce da rúa Manuel Fuentes á N-525 e do viario de Ramil a Pazos (Lestedo). O terceiro proxecto inclúe melloras no firme de oito viarios no municipio: pista no Codesal, pista en Vilar e viario da Carballeira de Rodiño a Alta de Outeiro (Sergude), mellora de viarios interiores en Paxos e dunha pista en Troitomil (Lestedo), do viario da Conexeira á Praza da Pena e deste lugar á depuradora de Loureda, así como dos accesos a Lamparte (Loureda).



As clases de inglés volven en outubro

As clases de inglés volverán ao CPIP Antonio Orza Couto o vindeiro mes de outubro. Dirixidas a alumnado de Infantil, Primaria, Secundaria e mocidade de Boqueixón. As clases para infantil e primaria terán lugar dous días por semana, unha hora cada día; mentres que as clases de preparación para os exames de nivel A2, B1 e B2 terán lugar os venres, de 16:00 a 18:00 horas.



En marcha a ampliación da ponte de Quián e a senda peonil de Lamas

Neste mes de agosto empezaron dúas importantes actuacións de mellora da seguridade viaria no noso municipio: a construción dunha senda peonil en Lamas, que

inclúe unha mellora no asfaltado da estrada, e a ampliación da ponte de Quián. Dúas iniciativas que estarán rematadas nas próximas semanas.



Intercambio xuvenil europeo

Un total de 36 mozos e mozas de Galicia, Portugal, Italia, Grecia, Hungría e Lituania participaron durante o mes de agosto nun Intercambio Xuvenil Europeo no noso concello. Realizaron varias actividades, entre as que se incluíron unha visita ao Pico Sacro e unha andaina pola Ruta dos Pescadores entre Sucira e Ponte Ledesma.

Boqueixón organiza unha Aula de Teatro

O Concello de Boqueixón vai organizar unha Aula de Teatro dirixida a escolares de Secundaria e de 5º e 6º de Primaria. Unha iniciativa para desenvolver a creatividade das persoas, vivir novas experiencias, traballar en equipo e botar unhas risas. As persoas interesadas en participar, así como as súas familias, poden asistir á presentación do proxecto, que terá lugar o luns 27 de setembro, ás 19:00 horas, no salón de actos do CPI Antonio Orza Couto. Inscricións no Departamento de Cultura (981 513 115) ou en cultura@boqueixon.com.

A mocidade pon en valor o patrimonio e o medio ambiente de Boqueixón

Un grupo de mozos e mozas de Boqueixón, de entre 12 e 16 anos, participou no Campamento CREA, posto en marcha para promover os valores de protección do medio natural e patrimonial do noso municipio. Para conseguilo, os responsables do campamento organizaron actuacións en torno a catro eixos.

O primeiro foi a promoción de lugares con encanto a través de visitas a espazos de beleza paisaxística e patrimonial do municipio (Pico Sacro, Fervenza de Codeso, muíños de Gastrar, área de Sucira...). O segundo foi a sensibilización contra os residuos urbanos, onde crearon xogos didácticos para sensibilizar ás crianzas.

Así mesmo, a rapaza da visitou tres proxectos



O Campamento CREA puxo de manifesto a capacidade transformadora e de cambio que ten a mocidade boqueixanesa

locais sustentables e que poñen en valor a nosa contorna e promoven o consumo de proximidade: María

Manuela Enoturismo, Bo Queixo e Restaurante O Balado. Finalmente, en colaboración coa asociación

ambiental AMABUL, procederon a eliminar especies invasoras do noso medio natural.



Voluntarios/as poñen en valor a marxe dereita do río Ulla

Rapaces e rapazas, de entre 18 e 30 anos e de distintas partes de España, participaron no campo de voluntariado medioambiental e etnográfico "Camión cara a natureza", organizado pola Dirección

Xeral de Xuventude en colaboración co Concello de Boqueixón. Estas persoas fixeron tarefas de limpeza das rutas de sendeirismo dos Pescadores e do Río Grande, poñendo en valor a marxe dereita do río Ulla.

Boqueixón e Vedra recuperarán e porán en valor o patrimonio do Pico Sacro

Os alcaldes de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, e Vedra, Carlos Martínez Carrillo, asinaron un convenio de colaboración coa empresa “Antiga, gabinete de patrimonio cultural” para executar o *Plan Integral de recuperación e dinamización do patrimonio material e inmaterial do Pico Sacro*. A sinatura tivo lugar no centro de interpretación do Pico Sacro e a ela asistiron o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, e o deputado autonómico Ovidio Rodeiro.

Fernández Munín explicou que “coa sinatura deste convenio o que se pretende é acadar a conservación e protección do noso patrimonio cultural, que tanta relevancia ten neste



Isabel Filgueiras, Manuel Fernández e Carlos Martínez asinan o convenio

Monte Sacro como orixe de Compostela, tal e como se deixa ver no Códice Calixtino”. Pola súa banda, Carlos Martínez Carrillo destacou que o Pico Sacro “merece xa non so discursos e libros senón tamén traballo sobre campo para deixar ás xeracións futuras o coñe-

cemento e o coidado deste patrimonio material e inmaterial que supón todo o que rodea ao Monte Sacro”.

Un punto sobre o que incidiu Ana Isabel Filgueiras, arqueóloga e antropóloga: “é necesario que se fagan intervencións xa, máis aló dos discursos históricos

agora toca ir aos lugares e actuar sobre eles. Todos sabemos que o Monte Sacro Condado de Lupa, que era como se chamaba en época medieval, non é so un sitio arqueolóxico, é un lugar mítico e histórico, con ruínas venerables que non somos quen de ver”.

O plan integral aposta por recuperar e dinamizar o legado cultural do Pico Sacro. A súa primeira actuación será o *Proxecto de recuperación do Bosque Sagrado do Monte Ilcino*, dada a urxente necesidade de intervención para evitar a súa desaparición. O proxecto xeolocalizará as sobreiras e todas as árbores históricas da zona, é dicir, aquelas que levan moito tempo e xa mesmo teñen nome de seu.



Boa acollida ao programa de visitas guiadas gratuítas

“Descubre Boqueixón”, programa de visitas guiadas gratuítas a puntos de interese turístico do municipio, está a recibir unha boa acollida. Dende a súa posta en marcha xa participaron varios gru-

pos, tanto visitantes como residentes, co Pico Sacro e a Ruta dos Pescadores como principais intereses. Para participar hai que anotarse en Turismo: 981 513 061 ou boqueixonturismo@gmail.com.

Visitas teatrais, conferencias e mostra itinerante para rematar “Un mes e Pico”

A arqueoloxía do Pico Sacro e a cultura xacobeá. Esta é a temática sobre a que xira a terceira edición do ciclo “Un mes e Pico”, cuxo programa foi presentado polo alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, e o delegado da Xunta na Coruña, Gonzalo Trenor, nun acto no que estiveron acompañados por Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística, e Ovidio Rodeiro Tato, deputado autonómico.

Fernández Munín lembra que “este ciclo, o convenio de posta en valor do Pico ou os traballos de limpeza da sima son so algúns exemplos do traballo que dende o Concello de Boqueixón estamos a facer cun mesmo obxectivo: conseguir que o noso Pico Sacro sexa declarado Ben de Interese Cultural. Motivos hai de sobra e seguiremos traballando para que ese nomeamento poida producirse o máis pronto posible”.



Ruta arqueolóxica polo Pico Sacro dirixida por Ana Isabel Filgueiras Rei



Presentación da terceira edición do ciclo “Un mes e Pico”

Pola súa banda, Gonzalo Trenor felicitou ao Concello “por esta ambiciosa iniciativa que inclúe unha gran variedade de actividades nun

lugar emblemático”. Algo no que coincidiu Valentín García, para quen “a importancia do Pico Sacro como porta de Compostela é que

alberga algunhas das lendas máis interesantes da trasladio do Apóstolo”.

En setembro están programadas 5 visitas teatrais dos Quinquilláns no cumio do monte sagrado: 4, 11, 18, 19 e 26 de setembro, ás 17:30 horas. E o domingo 12 de setembro, ás 11:00 horas, Compos Tours ofrecerá unha ruta literaria cara o Pico Sacro, con textos de Castelao e Neira Vilas, entre outros. A mostra “O Pico Sacro no Códice Calixtino” visitará o centro de interpretación do Río Ulla de Touro (do 13 ao 19 de setembro) e a casa das Artes de Vedra (do 21 ao 26 de setembro). E o sábado 25 de setembro, ás 20:00 horas, pecharase o ciclo coa conferencia do historiador Martín Almagro-Gorbea: “A Raíña Lupa e o Monte Sacro”.

Todas as actividades son gratuítas, se ben é imprescindible inscrición previa no 981 513 061 ou en boqueixonturismo@gmail.com.



As Perseidas, dende o cumio do Pico

Veciños e veciñas da zona gozaron no cumio do Pico Sacro das Perseidas, nunha actividade impartida polo Observatorio Astronómico Ramón María Aller da USC. Tamén puideron identificar as distintas constelacións e observar polo telescopio a lúa, Xúpiter e Saturno.



Monicreques e rutas xacobeas

Case medio cento de persoas desfrutaron tanto do obradoiro coma dos monicreques de Titeres Cachirulo, que puxo en escena a obra “Don Gaifeiros e o dragón” dentro do programa “A Compostela polas rutas xacobeas” que patrocina o Xacobeo 21-22.

O Concello dá continuidade ás Escolas Deportivas

O Concello de Boqueixón dará continuidade durante este mes de setembro ás actividades das Escolas Deportivas de pilates e zumba que xa estaban funcionando durante a tempada de verán, ao tempo que porá en funcionamento aqueles grupos que decidiron facer un parón nos meses de xullo e agosto.

Deste xeito, aqueles grupos que xa estean en funcionamento serán avisados para confirmar a data de comezo das actividades, así como dos horarios (que poderían verse lixeiramente modificados en función da aplicación dos protocolos de seguridade contra a Covid-19).

Inscricións

Por outra banda, as persoas que estean interesadas en comezar en algunha actividade de

pilates ou zumba deberán formalizar a súa inscrición. Para iso deberán descarar a folha de anotación na web municipal ou solicitala no mail deportes@boqueixon.com. Unha folha de solicitude que deberán presentar posteriormente por Rexistro, ben presencialmente ben por sede electrónica.

O número de prazas é limitado, polo que terán preferencia as persoas empadroadas en Boqueixón. Dende o Departamento de Deportes continuarán implementando os distintos protocolos anti-covid. Isto significa que os grupos que se conformen tanto no ximnasio municipal como nas parroquias deberán estar restrixidos a un máximo de 6 participantes, para poder garantir a seguridade dos veciños e veciñas.

A Noite Velada brila sobre unha meteoroloxía adversa



Nin as adversas condicións meteorolóxicas da xornada puideron coa tradición e a maxia da Noite Velada, cuxa quinta edición encheu un ano máis o campo do río de Ponte Ledesma de música e xente, sempre respectando as medidas hixiénico sani-

tarias contra a Covid-19. O Concello de Boqueixón optou por instalar unha gran carpa para garantir a seguridade das actuacións de Son de Gaita e Habelas Hainas, así como para acoller aos centos de persoas que acudiron a desfrutar da súa música.



A rapazada do Verán Activo aprende a coidar do medio natural

O programa de conciliación familiar Verán Activo finalizou as quendas do mes de agosto, mes cheo

de variadas actividades, moitas delas relacionadas coa compostaxe e co coidado do noso medio natu-

ral. Deste xeito, ademais de facilitarlle a conciliación da vida familiar e laboral a case un cento de familias

de Boqueixón, a rapazada aprendeu a importancia da reciclaxe e de coidar o noso medio ambiente.

Anacos do noso

Un coidado itinerario histórico e natural: a ruta dos pescadores

Disque Boqueixón é terra con tradición de pescadores. E para quen ose poñelo en dúbida velaquí van dúas probas inequívocas: a presenza dun río como o Ulla, rico en troitas, escalos, lampreas, anguías ou salmóns; e a existencia dun antigo camiño de pescadores que no 2009 deu orixe a unha das rutas de sendeirismo do noso municipio. Un coidado itinerario histórico e cultural sempre a carón do río Ulla e pola zona de especial protección Sistema Fluvial Ulla-Deza, pertencente á Rede Natura 2000.

Esta fermosa senda dos pescadores, aos que aínda podes atopar se camiñas durante a temporada de pesca, conta cunhas vistas de gran beleza e cun conxunto etnográfico importante ao longo dos 4,3 quilómetros que separan Ponte Ledesma de Donas. É de dificultade baixa e cun desnivel de entre 63 e 66 metros, polo que é recomendable para todas as idades e poder percorrerse nunhas dúas horas.

A ruta parte dun dos lu-

gares emblemáticos de Boqueixón: a Ponte Vella. A súa orixe podería ser romana, como parte da calzada entre Braga e Astorga, e que é toda unha referencia histórica na comarca porque, como xa che contamos nesta mesma sección, no 1809 foi escenario da derrota das tropas napoleónicas da man do exército de Trasdeza, conformado por xente da contorna.

Tras desfrutar da paisaxe das Illas de Gres, a nosa ruta continúa pola igrexa do Divino Salvador de Ledesma, que aínda conserva a estrutura dos muros da reforma de 1752. Tras pasar polo muíño do Cereixo, o camiño continúa ata a área de Sucira, fermoso lugar de recreo ao amparo dunha magnífica carballeira. E, se nos desviamos uns metros, podemos visitar a igrexa parroquial de Sucira, de finais do século XVII.

A nosa senda de pescadores remata en Donas, parroquia rica en augas sulfurosas e termais, así como en fervenzas. Das tres, non podes perder a de Codeso.



A asociación de mulleres rurais de Ledesma organizou en xullo unha visita a esta ruta



Gran acollida da Bibliopiscina de Verán e as súas actividades

A Bibliopiscina de Verán e as súas actividades tiveron unha gran acollida entre as familias usuarias da biblioteca e da piscina municipal durante os venres dos meses de xullo e agosto. Cada venres, a Bibliopiscina puxo a disposición dos usuarios da piscina municipal libros curtos de diversas temáticas tanto para un público infantil como adulto.

Así mesmo, cada venres fíxose un contacontos e unha actividade de manualidades relacionada co mesmo: "O Grúfalo", "Voy a comedte", "Corre, corre cabaciña", "Cocorico" e "Camuñas". A maiores acolléronse dous grandes espectáculos musicais a cargo de Paco Nogueiras e Xoan Curiel.

As adversas condicións meteorolóxicas fixeron que as actuacións de Paco Nogueiras e os contacontos "Voy a comedte" e "Corre, corre Cabaciña" tiveran que trasladarse a cuberto.



AXENDA DO MES DE SETEMBRO

Sábado
4

Visita teatral

Pico Sacro.
17.30 horas. De balde
"A raíña Lupa e o encanto do Pico Sacro". Os Quinquilláns.
Inscripcións: 981 513 061 ou boqueixonturismo@gmail.com.

Sábado
11

Visita teatral

Pico Sacro.
17.30 horas. De balde
"A raíña Lupa e o encanto do Pico Sacro". Os Quinquilláns.
Inscripcións: 981 513 061 ou boqueixonturismo@gmail.com.

Domingo
12

Roteiro literario

Pico Sacro e contorna.
11.00 horas. De balde
Roteiro literario cara o Pico Sacro. Punto de encontro: Centro de Interpretación do Pico Sacro.
Inscripcións: 981 513 061 ou boqueixonturismo@gmail.com.

Luns
13

Exposición Itinerante

Centro de Interpretación do Río Ulla (Touro).
"O Pico Sacro no Códice Calixtino". Ata o 19 de setembro.

Sábado
18

Visita teatral

Pico Sacro.
17.30 horas. De balde
"A raíña Lupa e o encanto do Pico Sacro". Os Quinquilláns.
Inscripcións: 981 513 061 ou boqueixonturismo@gmail.com.

Domingo
19

Dinamización Lingüística

Casa da Cultura.
12.00 horas. De balde
"Un rei e outros animais".
Espectáculo para público familiar do manipulador de monicreques e músico Carlos Quintá Cagide.
Inscripcións: 981 513 115 ou cultura@boqueixon.com.

Domingo
19

Visita teatral

Pico Sacro.
17.30 horas. De balde
"A raíña Lupa e o encanto do Pico Sacro". Os Quinquilláns.
Inscripcións: 981 513 061 ou boqueixonturismo@gmail.com.

Martes
21

Exposición Itinerante

Casa das Artes (Vedra).
"O Pico Sacro no Códice Calixtino". Ata o 26 de setembro.

Sábado
25

Conferencia

Capela de San Sebastián. Pico Sacro.
20.00 horas. De balde
Peche do Ciclo "Un mes e Pico" e conferencia "A raíña Lupa e o Monte Sacro", do historiador e arqueólogo Martín Almagro-Gorbea.
Inscripcións: 981 513 061 ou boqueixonturismo@gmail.com.

Domingo
26

Visita teatral

Pico Sacro.
17.30 horas. De balde
"A raíña Lupa e o encanto do Pico Sacro". Os Quinquilláns.
Inscripcións: 981 513 061 ou boqueixonturismo@gmail.com.

e en outubro...

Domingo
3

Odaiko Percusión: Vaia ritmo

Carballeira do Campo da feira de Lestedo.
12.45 horas. De balde
Concerto familiar. Reserva de praza no Departamento de Cultura: 981 513 115 ou cultura@boqueixon.com.

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061 concello@boqueixon.com CIM: 981 513 061 cim@boqueixon.com Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.com Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com